

Habana, 28 de xulio de 1982

Sr. D. Luis Tobio
Madrid

Meu estimado amigo:

Ben me recordo de vostede, coma se fose hoxe; daqueles días do Congreso da Emigración (Bs.As. 1956/7), e do noso encontro na casa de María Valverde, en 1958. Leo os seus traballos, ás veces en "Grial", e sei que dende fai uns anos reside en Madrid. Eu andiven por ahí en setembro do 81, e supoñen de vostede por Inés Canosa, a través de quen lle envío a presente.

Veño a molestalo por esto: estou preparando un traballo sobre o Himno Galego (de Pondal e Veiga). Quixiera facerlle a vostede algunha preguntas, como:

- 1.- Cando recorda teña sido a primeira vez que o escoutou, que o cantou que soupo del (ano, circunstancias).
- 2.- ¿Recordas se o cantaban os estudantes universitarios da súa xeneración compostelana? ¿En que ano?
- 3.- Nas Irmandades da Fala, no Seminario de Estudos Galegos, no Partido Galeguista, que vixencia tiña? ¿Cantábase como Himno Nacional propiamente, ou como unha canción máis ou menos patriótica? ¿Con que frecuencia e en que circunstancia


Amáis deso, toda outra información que vostede considere de utilidade arredor do tema.

E dada máis. Agardo noticias de vostede, o antes posible. Perdoe a molestia.

O meu endrezo postal: Apartado 4269
La Habana-4
Cuba

Reciba unha forte aperta

de seu amigo


Xosé Neira Vilas